

creativa

INDUSTRIA CULTURAL
GALICIA - NORTE DE PORTUGAL



UNIÓN EUROPEA
FEDERACION
Iniciativa de Empleo Juvenil



AGADIC
Agencia Galega de Industrias Creativas



MC
Ministerio de Cultura
DIRECCIÓN REGIONAL
DE CULTURA DO NOROCCIDENTE





**RETROSPECTIVA:
CARLOS VELO**



Paniagua 28

El Ogro.

RETROSPECTIVA

CARLOS VELO: OLHAR A MARXE

15

Había un rapaz que tiña moitos cartos, que se chamaba Tony Román (...) Formabamos un grupo co fillo do fotógrafo Pacheco que era o que tiña o material cinematográfico e viamos películas de Perla White. Levábamos una rapaza e atabámola á vía do tren agardando a que chegara o convoi, e máis tarde descubrimos que iso podía facerse con truco poñendo primeiro a rapaza e despois o tren. Era a etapa de Meliès, traballabamos cunha camariña de 9,5 mm. Despois fixemos películas de fantasmas e íamos descubrindo cousas extraordinarias que agora son normais.

Carlos Velo

Memoria Erótica

Edicións A Nosa Terra, 1998


¿DIXECHES CARLOS VELO?

por Margarita Ledo Andión

Carlos Velo nace en Cartelle (Ourense), en 1909, no seo dunha familia de caciques. O seu pai, médico rural, tal vez sexa a doa final dunha das castas do antigo réxime, con aquele dereito de pernada implícito no seu estatus e no seu proceder, casta que vai ser negada e devorada polos seus vinculeiros do principio ate a fin: inadaptados, anti-autoritarios, abertos ao novo e co seu desexo prendido das ganas de experimentar todo o que é novo. Eles serán, no noso caso, a *intelligentsia* de Galiza, esa pequena burguesía ilustrada que alarga as consignas do Renacemento literario e político da segunda metade do século XIX para incorporalas ao século XX como intervención na historia do século XX tecendo un entenzado de ideoloxía (o nacionalismo), teoría do progreso (o ferrocarril), a idea de liderar o campesiñado, a construción cultural (editoriais, teatro, belas artes, corais...) e máis a acción política. Participan, obviamente, nas Cortes Constituíntes da República española e se organizan como Partido Galeguista. Será esta a estirpe que marque ao Velo mozo, estirpe que tamén se dispón a transgredir a lei para poder defender a xustiza. E a transgresión por veces pode ser unha simples evocación do pasado que Velo recibe en Ourense, anos de bachelerato – a Galiza das sublevacións *Irmandiñas* contra dos feudais, a Galiza barroca onde florece o pensamento da Ilustración con Feijoo e Sarmiento –, década dos vinte, mentres cos seus colegas fai ensaios de macrofotografía nos laboratorios de Ciencias Naturais, engadindolle un obxectivo ao microscopio.

Durante eses anos mozos Velo desenrola, asemade, unha sen par capacidade *voyeur*, que vai curtindo nos intramuros da fonda, onde co-habita con viaxantes, funcionarios e clérigos; na atracción por todo o que ten que ver coa imaxe técnica que un dos seus amigos, fillo do fotógrafo Pacheco, converte en filme amateur, permitíndolle pasar de espectador dos seriais melodramáticos que protagoniza Pearl White, a actor pandillero de tardes de domingo en escenarios propicios para que algo pase tal que as vías do ferrocarril. E no recoñecemento do corpo, do desexo, do sexo fabulado, do axeixo, do encontro co feminino (Orosia, Choncha, Camila), encontro que para Velo está nas marxes, nos barrios populares, nas rapazas que veñen ás aulas dende o outro lado da ponte romana que separa pobo e principais, centro e periferia, das lavandeiras con saia remangada e das mulleres que van ás termas, ás Burgas, e convértenas nun matadoiro ocasional de aves, para limpar e purificar, coa auga fervendo que sae do ventre da terra, o alimento de todos os días.

Aos vinte e dous anos vai para a cidade de Madrid onde ampla o seu gusto polas relacións, polos procesos invisíbeis, polas comparacións, polo paradoxo e arrédase do mandato paterno, estudar Medicina, para acercarse a Bioloxía, ás sesións cinematográficas da Residencia de Estudiantes – lugar de intervención de Lorca, de Buñuel – e coa boa nova da República á Federación Universitaria Escolar onde, en colaboración coa produtora Filmófono e con Fernando G. Mantilla, organiza o Cine clube como parte do programa educativo das Misións Pedagóxicas. Olla e analiza unha e outra vez certas películas *para ver cómo estaban feitas*. E vai de viaxe



a París, para buscar filmes e ficar prendido da figura de Jean Painlevé. O seu traballo como cineasta no seno da República española dura apenas dous anos, dende *La ciudad y el campo*, en 1934 e deica *Finis Terrae-Galicia*, da que roda as derradeiras imaxes en 1936, imaxes que non consegue ver ate fins dos anos sesenta, cando o seu operador, Cecilio Paniagua, lle achega en México os fragmentos dunha copia almacenada polos servizos de propaganda do franquismo.

A guerra civil atrápaos en Cartelle onde pola noite, cando florece a semente do liño, pasean á xente de ben canda os rojos e de onde sae para Portugal. Despois haberá un tren cara Sevilla, agacharse na casa de familiares da súa muller e dende alí, de man do produtor de dereitas Domínguez Rodiño, cara Tetuán para a realización dun filme de produción alemá, *Yebala*, que co nome de *Romancero Marroquí* rematará por se montar en Berlín e por se estrenar en 1940 como parte da campaña de exaltación do Xeneral Franco. En Tánxer entra coa súa muller nun taxi e diríxese para a Embaixada republicana. Dende alí a París. E de París, agora en solitario, para València e Barcelona, de onde sairá coas últimas caravanas, mentres as tropas fascistas entran por Pedralbes e a liberdade anda na procura de pasar os montes. E, por fin, una praia que non é unha praia se non un galápagos estraño e marrón, un non-lugar que responde ao patronímico Saint Cyprien. Carlos Velo leva canda si unha lata de película que fai servir de reclamo no pico dunha estaca para, en nome do cine, convocar a seu redor outros refuxiados que deixan de mirar a eternidade dunha liña de sombra da cor do aceiro. Unha mañá a gorxa se lle creba e escoita atento a mensaxe de Cárdenas: “Combatentes leais á República española – a voz do presidente Lázaro Cárdenas ecoa nos alt falantes do campo de concentración de Saint Cyprien (México) agarda por vostés cos brazos abertos”.

E no país de acollida, *Torero* foi a súa sinatura no seo do cine novo azteca e na corrente do Neorealismo, con Luis Procuna, o matador máis famoso de todo o país. Un home que na praza endexamais sentira outra sensación ca suicida de entrar a matar, para entusiasmo

do público e que, no outeiro dos seus días de gloria, decátase que ten medo, que sempre tivo, sen sabelo, medo, comentará Velo. O escritor Carlos Fuentes, que máis adiante colaborará co noso cineasta no guión de *Pedro Páramo*, a partir da novela de Juan Rulfo – un veciño das escadas de Velo, que acada o sucedido coa súa primeira obra publicada – que acontece e se roda en Nueva Galicia, constata a ollada de Velo, o seu modo autoral, en cómo este trata o seu suxeito: “a vida de Procuna non é observada desde o outro lado da cancela, coma se o protagonista fose un chimpancé, se non a seu carón, nas súas expresións cotiáns de fame, loita, afirmación, medo, vaidade”. Desde a cultura cinematográfica *Torero* agasállanos o realismo como efecto e a superación de certas convencións, en que na montaxe fai uso dun banco de imaxes documentais que lle permiten, con rexistros de outros matadores, a *mise en scène* de determinadas secuencias.

Pero Velo *quería ver Cartelle na pantalla* e con esa materia facer o seu cinema máis persoal: entre *A Terra* de Dovchenko, para o xogo de transferencias do senso de pertenza e a opción estética, entre o campesiñado e a natureza como parte dun mesmo ciclo, e o corpo feminino como aceno con sexo; con *A Liña Xeral de Eisenstein* para os efectos corais e de clase, máis o Flaherty de *Homes de Arán*, como o seu grande modelo realista. O proxecto vaise chamar *Finis Terrae-Galicia*, cuxos descartes – e o detalle é ben significativo – destinaríanse a un outro filme encol do invisíbel, sobre a *Saudade*, no que Velo tería de traballar a atmosfera como figura fílmica a traveso da sensación que establece co espectador que ten a ver – como o propio título deste filme sen rastro – coa perda.

Cartelle na pantalla: o respecto pola cámara, un *medium* no que Velo se mete desde a fotografía é, ao mesmo tempo, o respecto polo suxeito, pola realidade e polo tipo de relación que mantén con certa realidade de *actores naturais*, de *heroes endóxeos* onde os galegos – *sinécdoque* de *pobo* – se recoñezan libres de complexos, escribe máis adiante. E acompasa a linguaxe do cinema ao máis material, un territorio habitado por fluídos, aturuxos (o grande berro de camaradería e comunicación tribal) e pola fabulación da sensación física en composición plástica.

Con *Galicia*, Velo perseguía o seu modelo, ese real que só existe coa cámara, que para a cámara harmoniza nun aceno as variacións do próximo, a verdade de cada material. E a perda da guerra levou canda si unha película que, alén do seu valor simbólico, mantén na súa mesma fragmentaridade na súa factura incompleta, o signo tráxico dunha época xunto con algunhas anticipacións que o cineasta desenvolverá no cinema azteca.

Produto de un país paradoxico, entre unha natureza implacábel e un caciquismo de sotana e de notábeis, o Carlos Velo do exilio non se pode permitir o luxo de darse por vencido. No seu arsenal mexicano, perfectamente organizados e clasificados, acumuláronse proxectos, solicitudes, relatorios para convencer ao poder da función do cine. E no seu fardel, aló onde garda a materia do seu soño e ensoño, perfectamente ao abeiro, o seu Graal: Galiza. Que no México é a congregación do exilio arredor dunha entidade, o *Padroado da Cultura Galega*, é a edición, nos sesenta, de *Vieiros*, revista *pendente de autorización*, son os programas radiofónicos de *axit-prop*, nos que cada voz identificábase pola súa lugar orixinaria: Lois Soto, de Vilanova das Infantas; Carlos Velo, de Cartelle; Paco Comesaña, de Tui.

En 1962 Carlos Velo escribelle una carta ao Grupo Brais Pinto, tamén eles mozos airados. Recoñece neles aos seus, aos renovadores. Entre eles – como Méndez Ferrín, a meirande parte estudantes de Filoloxía en Madrid – un pintor, Reimundo Patiño, e un incipiente cineasta, Alexandre Cribeiro, xa desaparecido. Tampouco se trabucaba Carlos Velo nesta nova anticipación porque parte dese grupo vai fundar en 1964 a primeira organización frontista e marxista do nacionalismo de esquerdas contemporáneo: Unión do Pobo Galego (UPG). Pero Velo seguiu reclamando qué facer: para o Ministerio de Cultura español unha serie sobre os republicanos do exilio (1982), na Galiza un posibel Centro de Capacitación Cinematográfica (1985), que endexamais recibiu resposta do Goberno autonómico. Morreu na súa cidade de acollida, México DF, no 1988, e no país no que fixera *cinema-verdade* (noticiarios), no que fixo de cineasta orgánico para o presidente Luis Echeverría, onde realizou filmes comerciais, e onde se adentrou con *Pedro Páramo*, nunha sorte de *materia de Bretaña* por entre morte, ruínas, desaparicións, e a vinganza como outro xeito de retorno. Andou con Zavattini por México e por Cuba, organizou centros para o ensino do cinema e fixo documentais de personaxe: *Homenaje a León Felipe* (1973-1975), etnográficos, históricos e, como adoito dicía, un deles político: *Universidad Comprometida* (1973), con Salvador Allende. Ao preparar a súa morte decidiu que as cinzas entrasen nas augas de Veracruz para que as correntes do Golfo as trouxeran ate a *Finis-Terrae dos celtas*.



No intre de pechar outro número de Vieiros rescebimos istas notas recollidas por un cosmonauta brasileiro, que andivo en Groenlandia na pesca de aerolitos. Dixo chamarse Comandante Guevara campeón de choutos astrales na Olimpiada do ano 2368. Foron atopadas nunha ola de barro preto, que ficou milagrosamente enteira cando o meteorito Agpalilik de 916 toneladas, chamado dende moi antergo “O Canastro da Trave de Ouro”, foi fisionado en Brasilia polos arqueólogos do Centro Mundial de Inquerimentos Celtas. As notas non teñen moito senso. Parescen feitas por un dos chamados cineastas nos tempos primitivos en que se graban imaxes, e voces, directamente sobor dunhas cintas moi fráxiles de celulosa e prata. O Comandante Guevara asegura cos análises antimateria dos anaquíños de cerámica demostran ser orixinaes da Atlántida Galaico-Portuguesa, terras asulagadas no ano 2000, pola catástrofe tecnolóxica das Iberias. O Comandante Guevara, que presume ser descendente dereito dos míticos guerrilleiros que implantaron o idioma novoportugués no continente sudamericán, dixo que Vieiros, por ser a revista máis anterga da Estación Terra, debe publicar iste orixinal. Eisi o faguemos, inda que non hai moito logar niste número 404.

A Redaicion

Naceu pola noite, cando frorecen na terra de Cartelle as herbas do liño. Sobor pañás de baeta branca zugóu a leite da súa nai. As vellas fixéronlle o meigallo do enganido na encrucillada. Cando inda non abrira ben os ollos déuselle una pinga de viño quente da Cunqueira con mel. Logo tivo axóuxeles. No vran os pais iban fora ós traballos, io fillo patexaba na cuiña á veira do lume coa súa irmán: una rapariga escuchimizada de cabelos loiros. Il tiña os ollos azús io cabelo branco coma una estriga. O irmán faguialle currales e pionetas namentres ría, choraba e mezaba por sí. O pai fíxolle una cestiña a xeito de andadeiro. Despóis, cando xa comía leite mazado da vaca Pinta, con patacas da Limia, fixéronlle un carriño de tres rodas cunha lanceira para puxar; eisi percorría corredor e solaina carretado pola irmán. Mais una vegada deixouno atado o pé da figueira para que non caise no pozo.

Medróu en pouco tempo. Entón iba pro monte e cando non á escola. Foi o tempo de aprender moitos xogos, tantos que il mesmo non sabía cantos eran. Tamén aprendéu os nomes dos eidos ios das herdades. Víu como tódolos anos íbanse faguendo somellantes labouras e axudou ó seu pai naquelo que ó vello lle parecía mellor. Despóis tivo un cadelo e fíxolle gaiolas ós páxaros. Tamén andivo a ensaiar de múseco e logo quixo ser ferreiro, pois o seu pai quería que tivese un oficio. Á escola non lle quedaba tempo pra ir, e cando xa escomezou a ler de corrido, copiar manuscrito, e chegou o tablón dos problemas o escolante dixolle que deixara de vir: e non foi máis. Daquela xa levaba pantalón longo. Súa irmán tiña albahaca na fiestra. Il mercou unha navalla na feira para se afeizoar.

Foi na colleita da herba cando a coñeceu. De raparigos xogaron xuntos no monte. Agora ela era moi recatada e púxose roiba cando il apreixoulle un peito coa súa mau: era coma un calabacino pequeno. Ela, que era de xente que se arraxaba ben, inda que se incomodou, non deixou de lle sorrir. E foron bailar na festa da Patrona. Pasearon pola feira e víronse nun fiadeiro. Ó cabo ela diulle palabra. Entón xa andiveron soilos e souperon das lúas nos piñeirales io barullo das follas de carballo no chan. Il cantáballe ruadas polas noites do sábado. Ela bordóulle un paniño de seda.

Daquela chegou unha forte inverniá. A chuvia asulagou os campos. Unha crecida do río barréu os balados io esterco das herdades. O vento arrincou piñeiros ios millores paus de sulveira. Despois a levada de neve non deixou pedras nos pontillós, nin tellas na casa. Na noite de xiada o lume prendeu a furruxe da cociña, ios paus das latas cairon na cama de follelo da irmán que quedou morta coas roupas io cabelo ardendo. Tocaron as campás a lume. Veu a xente con caldeiros, mais o vento zoaba rexo e canta máis auga caía máis ardía coma un inferno. Todo quedou esborrallado: arderon marraus e pircos no cortello; desgraciouse a vaca Pinta dunha perna e houbo que matala. Máis isto non foi o pior. O pai resfriouse a noite do lume e morreu ós dous meses dun costado. Non tiñan cartos para pagar as meiciñas, nin os gastos do enterro, i entón o señor Estebo, o peruano, prestóulles ó doce por cento. Fixose unha hipoteca e alá se foron en púbrica subasta as millores terras. A nai ficaba doente cando il tivo que servir o Rei na Sevilla. Entón, por mor dos contos dunha boa amiga, ela rifou co il. Certo cos páis dela, xa non vian moi ben o casorio. Denantes do viaxe ela devolvéulle o seu pano de seda.

Á volta do servico il tiña unha ollada dura nas cexas moi pretas. Vira moitas cousas. Sabía das cidades alleas a dos homes que mandan sen ter forza. Sabía das mulleres e dos amores que valían dous réas por noite. Vira a lus eléutrica ios camiós que levan pedra, e ollara xornais que falaban das cousas do mundo, nas terras de lonxe, nos mares de aló, con verbas eistranas. A nai morrera. O irmán casárase. Fixeron as partixas. Asinou un documento co señor Estebo polo cal tiña unha pasaxe para Cuba. E foise, da noite para mañá.

Alá estivo dous anos. Todos os que viñan dicían que estaba faguendo moitos cartos. Entón os páis dela escomezaron a falar ca rapaza do seu antergo mozo: a decirlle que era moi bó rapaz. Ela escribiulle, mais il non deu risposta. E pasou o tempo.

Un día chegou. Viña negro, negriño. Non traía, coma outros, baúles de correas mareas, nin gramófono, nin páxaros que falan. A xente enteira dicía que, con todo, as súas cousas viñan ben arraxadas en papés do Banco Pastor. E foi rumboso: deu cartos pra unha nova escola.

Na festa do Mundil ela estaba no turreiro e il quitóuna pra bailar. Despois tivo que permitirla a outro mozo. Despois convidóuna a melindres e a unha copina de anis escarchado. Despois ela díxolle que merendase coa súa familia: comeron o lacón ó sol, nunhas carqueixas. Á volta, il pidiulle relacións. Ela surríu, coma si non houbera pasado ren. Os días de gardar iba a súa casa. Ela tiña a sala moi arraxada. Falaban nos conversadoiros. Logo encendíase un candil de petrol. A nai andaba pasando de un lado para outro coma quen ten algo que atopar.

Unha xeira os páis puxéronse serios despóis de cear: – Il o mozo casa ou non casa, recoiro? Veu o petitorio. Logo foron xuntos falar co cura pras municións e leváronlle un polo. Aquil domingo ela non foia misa amior. As segundas municións o noivo coméu na casa da noiva. Nista semana a noiva tiña costume de ir a casa do noivo. Mais il non tiña familia, nin casa. Naqueles días foi a Penelas cun canteiro para buscar pedra de soleira. Namentres na casa da noiva xuntóuse fariña, polos e xamós. Do forno sairon grandes roscós de ovo.

Pola mañán cedo foron os noivos xuntos a eirexa. Inda era noite. Encanto, a nai preparóu as camas na casa, coa mellor colcha que saira do tear. As irmás quedaron traballando na co-ciña. Noivos e acompañantes foron tomala copa, para faguer forzas. Na eirexa a carón da noiva están as súas amigas. A carón dil os mozos da súa quinta e algún que outro vello. Ó rematala a cerimonia voltóu o cortexo para casa da noiva. Bótase outra copa. Os vellos falan doutros tempos e outros casorios. Os recén casados séntanse e toman as maus. As doce o barullo das cucuñas medra. A gran comelona é a cousa máis soada do ano: sopa de sucre. Arroz. Lacón con grelos. Carne asada. Polos. Chourizos de cebola e de carne. Bacaláu. Arroz dulce. Roscón. Castañas secas. Melindres. Viño branco e tinto. Licor café. Logo veu o baile de armonio oi de acordeón. Despois da cea escomezan as borracheiras. Os noivos desaparecen ós pouquiños. Eisí remata o sábado, día preferido para casorios. No domingo sígue a reboda: novos banquetes e novos parentes que chegan de lonxe. Iste noivo págou os dereitos de piso ós mozos do lugar: eles farán unha festa o domingo vindeiro.

Os páis da moza doaron unha curtiña e unha vaquiña pró leite do fillo. A parexa ficaría na casa dos sogros, se hai poucos fillos. Entón o mozo sería un brazo máis para traballar. Mais neste caso il tiña aforros e foron vivir a súa casa por separado. Primeiro houbo que acabar a casa: pedreiros, carpinteiros, albañís, traballaron a presa. Na terra: montes decruados, chairas con novas batocas, viñas de caste american. Todo foi traballado con forza nova. E aínda máis, houbo que facer novos trebellos para labranza: carros, pipotes, fumeiro. Moitos dos cartos das Américas fóronse en mercar ferros, aros, rellas, sachos. Viñeron lúas, chuvias e soles. Unha laboura traía outra. Mais na casa había de todo: millo, patacas, viño, fabas, trigo, nabos, herbas, leite, polos, marráns.

Ó ano a muller andaba moi garimosa. As amigas viñeron a vela. Canta cousa, canto remedio pró bó librar do picariño: Votos de velas. Fatelos de bó lenzo. Augas de herbas. Fror de sabugueiro. E naceu o rapaz. A sogra foi madriña. O bateo foi unha pequena festa. O cativo choróu cao sal i a auga que caía da cuncha de Saint-Iago. Cunha estriga de liño limpáronlle ó óleo. O nome tivo que ser coma o do pai. Para outro ano ela tivo outro. E logo unha rapaza. E un rapaz. E outro. E unha rapariga... o fillos viñan ó mundo coma as colleitas do millo. E medraron. Cando os vellos iban murchando eles, xa homes, traballaron os eidos, loitaron, algúns foron ás Américas, ó servizo outros. As herdades medraron: anos e males tamén.

Eisí morniño escóase o tempo coma un lume que se apaga. O home era vello. Non tiña ren. O meiciñante dixo que aquela era á de ir. Foron buscar ó cura. Veu o viático: puxéronlle os óleos e comulgou. Era un serán de inverno. As vellas chouqueleaban cas zocas nas lousas. Naquela noite coma on suspiro, morreu. Na sala estouparon os saloucos da nai. Viñeron os homes da Hirmandade das Anemas para arranxar as cousas.

As viciñas prepararon o morto a tuda presa: afeitalo, empanalo con roupa limpa, metelo na caixa. Para faguerlle o ceo de tul tivo que vir o sacristán que era moi xeitoso. Enriba dunha cuberta pola mellor colcha ficou o cadaleito. A carón unha cadeira arroupada cun mantel de agulla e un cirio ardendo. Noutra o caldeiro de cobre coa auga bendita. A cabeceira o Cristo de pau ias velas de cera virxe. Frores e coroas de papel na colcha e na caixa. As máis do morto atadas cun bramante. Pola serán escomezan as visitaciós. Na sala repousa a familia deitada no chan. Veñen vellas e vellos. Rézanse rosarios. As campás que fixeran a señaan batelan agora a morto.

Pro outro día chegan curas, pendons, faroles pretos, a cruz de bronce anterga. Xúntase a xente. Chegan os mozos vestidos de negro cas asas da caixa. Síntese cravar a tapa do cada-leito. Contrapuntean os berros da nai e dos fillos. Os mozos, con servilletas no hombreiro, danlle á caixa ós fillos para que a saquen. Choros, saloucos e primeiros responsos.

Entre piñeirales. Ó longo das veigas. Sobor regatiños e lameiros camiña o morto ausorben-do as frozas da súa descomposición. Na mesma encrucillada onde lle quitaron de cativo o enganido, póusano nunha banquetta e berran os curas con máis forza. Dispóis atravesa os caseríos da parroquia. A campaniña fala coas campás lonxanas. O pendón outo, bate a chuva e o vento. Tras do cadavre a nai ios fillos arrastran unha cadea de prantos. Hai quen chora ben, hai quen non ten xeito.

¡Ai meu rei! Miña xoia. ¡Ai! ¡Ai! ¡Ai!
 ¡Ai meu amigo! Meu ben. Meu corazón.
 ¡Ai meu pai! Meu paiciño. Que te fuches.
 ¡Ai meu sol! Miña lúa. Meu carabel.

Chega o morto ó adro da eirexa. Elí repousa no túmulo.

Requiem eterna dona eis domine.
 ¡Ai amor lévame contigo!
Cum veneris iudicare seculum.
 ¡Ai Santo! ¡Santiño!
Dies irae, dies illa, solvet saeculum in favilla.
 ¡Ai prenda, prenda, prenda, prenda!

Can os cartos no caldeiro de cobre. Namentres o sepultureiro de bigotes louros cava entre laxes molladas. Acaban os responsos. Baten as campás a presa. Arremuíñase a xente. As mulleres barren o chao coas faldras. O pranto resoa máis forte que endexamáis.

¡Ai Dios mío! ¡Eu morro!
 ¡EU quero calar e non podo!
 ¡Déixame co il! ¡Déixame!

Morto a terra. A caixa baixa ó fondo do burato, escoando pola corda do carro. Os vellos pican pedras e bótanas na sepultura. A primeira paletada de terra resoa no hoco da caixa. En pouco tempo todos deixan o adro. No vento e na chuva do serán o sepultureiro arremata o seu traballo. Sempre sobra terra, cando morre un galego. Terra húmida e solta. Boa pras hortas de Cartelle onde aquela noite, de novo fforecen as herbas do liño.

Vieiros nº 4 (México, 1968)



LA CIUDAD Y EL CAMPO

DIRECCIÓN: Carlos Velo / Fernando G. Mantilla

GUIÓN / ARGUMENTO: Carlos Velo / Fernando G. Mantilla

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: José María Beltrán


ORIXEN / ANO / FORMATO / DURACIÓN: España / 1934 / 35 mm, Branco e Negro / 13'

PRODUCCIÓN: CIFESA (para a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura)

NOTAS: Película muda con rótulos. Non se conserva completa.

SINOPSE:

Documentario de obxectivo didáctico que tenta establecer unha dialéctica entre a vida da cidade e a do campo, amosando por un lado a deshumanización das grandes cidades e, por outro, o funcionamento dunha explotación avícola no campo.



ALMADRABAS

DIRECCIÓN: Carlos Velo / Fernando G. Mantilla

GUIÓN / ARGUMENTO: Carlos Velo / Fernando G. Mantilla

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: José María Beltrán

SON: León Lucas de la Peña

MÚSICA: Robert Schumann/Regino Sáinz de la Maza


ORIXEN / ANO / FORMATO / DURACIÓN: España / 1934 / 35 mm, Branco e Negro / 21'

PRODUTORES: J. L. Zabala / Ángel Esteban

PRODUCCIÓN: Consorcio Nacional Almadrabero (España)

SINOPSE:

Relato da pesca do atún e da industria da conserva en España. No mes de Xullo, os atúns cruzan o estreito de Xibraltar para a procreación, sendo capturados nas augas de Vejer de la Frontera. Unha vez apañados, iníciase o proceso industrial para o seu aproveitamento na preparación de conservas, alén da obtención de aceites industriais e xabóns.



TORERO

DIRECCIÓN: Carlos Velo

GUIÓN / ARGUMENTO: Hugo Butler / Carlos Velo

ASESORES TAURINOS: Rafael Solana / Arturo Fregoso

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Ramón Muñoz (con insertos adicionais de Noticieiros e Documentarios)

MONTAXE: Miguel Campos

SON: Adolfo de la Riva

MÚSICA: Rodolfo Halffter

CANCIÓNS: *El coleadero* (Pepe Guizar), *El arreo* (Lorenzo Barcelata), *Las mañanitas* (Anónimo)

PRODUTOR: Jorge Barbachano Ponce

PRODUTOR ASOCIADO: George Werker

ORIXEN / ANO / FORMATO / DURACIÓN: México / 1956 / 35 mm, Branco e Negro / 80'

PRODUCCIÓN: Producciones Barbachano Ponce (México)

SINOPSE:

O toureiro Luis Procuna conta as súas impresións sobre o toureo, a morte, e o medo ante o seu inminente encontro co destino. No camiño até a praza, lembra a súa vida e os incidentes arredor da súa carreira. Tralo triunfo no ruedo, o toureiro regresa ao fogar e volta experimentar temor ante a próxima corrida.



GALICIA (FINIS TERRAE)

DIRECCIÓN: Carlos Velo / Fernando G. Montilla

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Cecilio Paniagua

SON: Lucas de la Peña

MÚSICA: Rodolfo Halffter, *Coros Anaquiños da Terra*

ORIXEN / ANO / FORMATO / DURACIÓN: España / 1936 / 35 mm, Branco e Negro / 8'

NOTAS: Non se conserva completa

SINOPSE:

Galiza. Terra occidental de Europa. É a avanzada de España cara o Atlántico. País verde, fecundo, de ríos silandeiros e serras suaves. País de longos invernos húmidos e cincentos, de xentes que falan unha lingua poética e doce, de aldeas brancas e verdes vales.

TIERRA DEL CHICLE

DIRECCIÓN: Carlos Velo

PRODUTOR: Manuel Barbachano Ponce

PRODUTOR ASOCIADO: Francisco del Villar

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Walter Reuter

MONTAXE: Luis Sobreyra S.

SON: Adolfo de la Riva

NARRADOR: Jacques Artus

ORIXEN / ANO / FORMATO: México / 1952 / 35 mm, Branco e Negro

SINOPSE:

O drama dun *chiclero* (recolector de chicle) na selva de Chiapas.



UNIVERSIDAD COMPROMETIDA

DIRECCIÓN: Carlos Ortiz Tejeda

DIRECTOR TÉCNICO: Carlos Velo

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Armando Carrillo, Rafael Corkidi

PAÍS: México

AÑO: 1973

DURACIÓN: 28'

FORMATO: Cor

SINOPSE:

Intervención in extenso, feita por Salvador Allende o 2 de decembro de 1972, perante os estudantes de Guadalajara durante a súa visita a México. Un discurso político reforzado pola inserción de numerosos flashes documentais de Chile, México e América Latina, no que a afervorada oratoria do político asasinado envolvía aos estudantes no proceso revolucionario.